

## **ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE PORTAVOCES O DÍA 27 DE ABRIL DE 2020**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Muras, o vinteseite de abril de dous mil vinte, sendo as 9,00 horas, reúnese a Xunta de Portavoces municipal para celebrar sesión, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Portavoces municipais:

DON MARIO ROUCO REY  
DONA MARIA EUGENIA REQUEIJO CHAO

De seguido, expóñense os seguintes asuntos;

### **1.- COVID19**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para comezar indicando que o Pleno Ordinario non se pode celebrar polas circunstancias actuais e porque telematicamente non é viable, entón faise esta posta en común de actuacións.

Con respecto ao Covid-19 dende o estado de alarma as decisións son en función deste, e adaptámonos a el para salvagardar a saúde do persoal. Nos servizos administrativos adoptouse o teletraballo e dous funcionarios rótanse para a atención telefónica e non presencial, con respecto á brigada de obras primeiro estiveron a turnos, logo só un e o resto en permiso retribuído a compensar cando se estableza. En Servizos Sociais, entre a responsable coordínanse e a empresa suspendeu os servizos non esenciais, mantivéronse os de dependentes e na semana pasada restableceuse o servizo.

Con respecto ás obras había dúas en marcha que se suspenderon; a semana pasada entendemos que podían seguir, falamos coas empresas, a da piscina dinos que non encontran epis e na do ascensor a obra é non edificio con persoal, tiñan que estar independentes, tentamos que traballaran pola tarde pero non se lles adaptaba, estamos a buscar dúas entradas illadas.

Referido á entrega de epis cando é un tema de saúde pública e non temos coñecementos tiramos de prudencia. Nas primeiras semanas o material chegado das administracións foi escaso. O Concello adquiriu 250 epis (máscara FFP2, xel e lubas) que se levaron ao centro de saúde, acordouse que ao ser algo tan delicado sexan eles quen expliquen o proceso e os repartan. Os primeiros epis que chegaron foron para os traballadores dos servizos do Concello e para usuarios con patoloxías.

De tódolos xeitos incidir que o mellor é estar na casa, o distanciamento social e as medidas de hixiene.

A seguir dálle a palabra á portavoz do grupo municipal do PP. A Sra. Requeijo indica que cando sexa posible se convoque o Pleno, o telemático non é posible. Con respecto aos epis está ben que os reparta o Centro de Saúde pero somos case os únicos que non o fan polas vivendas. Tamén que lle comunicaron que hai máis horas de SAF, e non sabe se se aplicaron ou se aplicarán.

Contesta o Sr. Alcalde que “o Pleno quero facelo cando se den as condicións, segundo se levante o estado de alarma, e o reparto de mascarillas hai que facelo baixo unhas condicións de hixiene e de responsabilidade, posto que quen coñece o protocolo de uso dos mesmos son os sanitarios e eles deben ser os que se encarguen de repartilas. De non facerse



así, paréceme unha irresponsabilidade e eu non comparto ese maneira de facelo, xa que vemos que se fai en condicións non adecuadas, e eu penso que así non se debe levar a cabo.”

Toma a palabra o portavoz do PSdeG, Sr. Rouco para indicar que celebrar o Pleno é esencial pero non se sabe cando porque a situación é inestable. As actuacións teñen que ser rápidas, útiles e legais. Respecto aos epis os concellos da zona non repartiron nada e por riba xente con alerxias teñen reaccións logo da colocación. Mellor incidir nas medidas de sempre. Propoño ter preparado as máscaras para os nenos, máis pequenas e de dobre capa. Respecto ás obras estou de acordo co exposto e falado.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que si nos deron horas pero non se van a gastar porque a xente está renunciando a elas pola situación, e o prezo non cubre gastos para a empresa. Con respecto ás máscaras os nenos menores de seis anos non as deben usar por problemas de asfixia, repartiríanas no centro médico con autorización dos pais. O mellor é que os temas sanitarios os desenvolvan os sanitarios.

Indica o Sr. Rouco que está de acordo coas formas, poñemos enriba da mesa ter outra xuntanza para tentar ver como será a saída para nós, que a Secretaria nos pase o que podemos facer. Todos temos as mesmas ideas sobre as axudas pero non pode haber duplicidades con outras administracións.

Indica o Sr. Alcalde que coas axudas temos que ser prudentes. O estado de alarma non sabemos en que vai derivar, non imos saír ata que non haxa vacina, hai tres administracións e hai que facer un estudo das axudas de cada unha, Estado, Xunta e nós. Hai que esperar, facer unha valoración en conxunto e mirar as nosas posibilidades, temos que ler a letra pequena como ocorre co gasto corrente do Plan Único.

Indica o Sr. Mario que falado con outra xente hai que ter un plan de emerxencia social para poder meter as cousas aí, pero no noso Concello non é moi factible, e ademais hai que ser áxiles, non pagar en novembro.

Di o Sr. Alcalde que o único que podemos facer é adiar recibos, pero para todos os veciños, pero cobralos máis tarde non é a solución, e non se poden anular.

O Sr. Rouco comenta que temos partidas como a das festas que non se van a usar e poden cubrir ese adianto de recibos, tamén se pode sacar unha liña de axudas para modificacións de locais por reformas e tamén para particulares.

A Sra. Requeijo di que coas axudas non vai haber problemas, pode haber duplicidades, aos máis perxudicados, bares, comercios, pódeseles axudar con mamparas para os comercios. Outros que perden son os gandeiros, non se retira o gando, axudas por pérdidas de ingresos.

## **2.- PLAN UNICO DA DEPUTACIÓN DE LUGO, 2020**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que o Plan Único da Deputación para este ano está publicado pero en suspenso, nós ímolo tramitar na liña dos outros anos e se hai que meter algo en Servizos Sociais será de outro lado. Ademais temos partida aberta de emerxencia social que se pode ampliar. Falado coa empresa que nos leva o tema dos proxectos teñen problemas para desprazarse, pero xa temos en mente os accesos e camiños que están pedidos de vello.



Indica o Sr. Rouco que as partidas para eventos son inviables e pódense cambiar. Cousas do Plan Único como cultura, eventos e deportes pódense minimizar e pasar eses recursos a emprego, aportar o máximo para isto dentro da viabilidade. Tamén hai que estar atentos ao Plan Plurianual 20/22 da Deputación.

Pregunta a Sra. Requeijo que camiños irían no Plan Único.

Contesta o Sr. Alcalde que sería o acceso ao Curro, curral da Cabeceira, Acceso a Bustelo, camiño de Vedille a Paleira, un camiño no Couce, outra nas Bouzas, e o curral en Ferreiros, que lembre agora mesmo. Tamén indicar que a ponte de Saamil, que xa viña de teu pai, están co proxecto, os técnicos estano encaixando con Augas de Galicia.

Por parte do Sr Rouco dise que é ben propor á Xunta que a saída fose por áreas e incluso por concellos, en Muras dámolo feito e pode servir como proba para outros lugares tendo en conta que somos máis pequenos e é máis fácil. Mandarlles un escrito para que nos teñan en conta.

A Sra. Requeijo di que para finalizar quere pedir que haxa entre eles menos cartas e formalismos, que se fale máis.

Contesta o Sr. Alcalde que todo o mundo ten acceso á información e que as redes sociais se usan para publicala, e que nada impide esa maior información

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión ás dez horas e cuarenta minutos, da que se estende a presenta acta que firma comigo, de todo o que, como Secretario Accidental, dou fe

